

## ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

### ÁMBITO

Localidade	Corcubión
Comarca	Costa da Morte
Lugar de realización	Local comarcal do BNG

### ÁSISTENCIA

Nº Asistentes	5
Nº de non militantes asistentes	0
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

### DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso*

A nivel local	Antía Insua (Responsabel Comarcal Galiza Nova)
Representante do Consello Nacional	-

### NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	Dúas horas e media
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Semicírculo aberto de cadeiras

### VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

*Tono xeral da xuntanza:*

-Tono cordial de debate con moita autocrítica.

*Comparativa cunha asemblea ordinaria:*

-Moita máis sinceridade que nas asembleas ordinarias, onde a mocidade non soe intervir (ás veces por timidez, outras por non dar o debate con compañeiros conservadores).

*Valoración en xeral das e dos participantes:*

- Mocidade consciente do panorama político actual, con gañas de mudar as eivas da organización para ampliar o proxecto nacionalista, mais non ocultan moita frustración por non ter os medios e os referentes que lles gustarían.

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Intervencións curtas sobre un tema e posterior debate conxunto:

- Visión xeral da mocidade da comarca sobre o BNG
- Análise obxectivo da organización
- Propostas de mellora para relanzar o proxecto nacionalista

### Radiografía da Galiza de hoxe

- A xente nova ve ao BNG como un partido tradicional e anticuado que non acaba de conectar ca xente, pese a defender con grandes esforzos os sectores máis asoballados polo sistema.

\*Propoñen cambiar o nome da organización, o logotipo, a imaxe ca fin de mostrar non ter pánico aos cambios e a xente teña unha percepción máis atractiva da organización. Acreditan na mobilización social pero sen parecer a ONG dos das causas imposibles. (De sair adiante, que sexa con maior promoción vinculante que na campaña de Nós).

-A maioría do traballo na rúa e nas institucións non é recoñecido porque nin tan sequera é coñecido pola xente do común (falla a comunicación). Aínda que lles custa recoñecelo, a maioría das persoas infórmanse a través de medios como La voz de Galicia (porque é o que hai no bar e o único que publica noticias da zona), ou ven programas e canles de televisión que fomentan o antinacionalismo (Sexta e demais) e nas redes sociais (única opción de comunicación que temos, o BNG non as usa ben, satura sobre-informando, mensaxes nada acertadas e nótase a falta dun profesional detrás como si hai noutras páxinas galegas con gran alcance).

\*Propoñen traballar ben as redes sociais e canles de retransmisión en directo, buscar mensaxes claras e serias, as cales poidan chegar a todas as persoas (tanto do rural como do ámbito urbano), promocionar feitos e novas de xeito gráfico, dado que á mocidade cústalle ler textos densos e na actualidade, ver gifs e vídeos é o que está en auxe.

-É prioritario frear a emigración masiva cara Europa e facer retornar á mocidade galega presentando :

\*Plans de formación e emprego que se adaptana Galiza desde as institucións onde o BNG goberna (mostrando capacidade resolutiva e de xestión) e promocionar o retorno ao rural con axudas económicas para proxectos laborais ou de aluguer de vivenda.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

### **Estratexia política do nacionalismo galego**

-Analizar a situación real do país de forma obxectiva e adaptarse á realidade sen temer aos cambios, xa que a política tradicional quedou atrás, a mocidade non cre nos políticos nin nas institucións e ve ao Bloque como un partido máis que só quere gobernar de forma piramidal.

-Proxecto político claro: O BNG como unha organización galega de esquerdas (explicando ben o modelo económico anticapitalista que defendemos) e non darlle tanta promoción a particularidades concretas e buscar intereses comúns da poboación (como o emprego, o transporte, a saúde).

-Líderes e referentes a seguir, a longo prazo, con discursos claros para a mocidade.

-Coherencia política

### **Participación política e modelo organizativo**

- Métodos de participación telemáticos e máis áxiles (queixanse dos días e das horas das convocatorias e o feito de ter que desprazarse para tantas asembleas (locais, comarcais e votacións).

- Asembleas abertas cara a veciñanza sen militantes do BNG, só referentes para evitar debates absurdos e a participación real da xente, que moitas veces non se expresa por falta dun diálogo agradable.

-Volta ao mailing nos procesos electorais, aínda que é un bo xesto ético, moitas persoas non identificaron a candidatura de Nós co BNG e moita xente prefire levar o voto da casa.

-Piden un modelo organizativo máis horizontal, onde a comarca teña máis poder de decisión e máis visibilización das campañas propias, pois as nacionais non acaban de callar na xente da Costa da Morte e tanto as mensaxes como o rexistro da linguaxe, só conseguen afastar máis á xente cara outras opcións, que lanzan mensaxes moito máis simples, aínda que non sexan politicamente claras como Podemos, Anova e Mareas.

## ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE